



GOBIERNO
DE ESPAÑA

DELEGACIÓN
DO GOBERNO
EN GALICIA

SUBDELEGACIÓN
DO GOBERNO
NA CORUÑA

Subdelegación do Goberno na Coruña

Carta de Servizos

2018-2021



Edita: PCI
NIPO: 785-18-043-7

Protexa o medio. Non imprima se non é imprescindible

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	2
DATOS IDENTIFICATIVOS E FINS	3
RELACIÓN DE SERVIZOS PRESTADOS	4
OFICINAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN	4
SERVIZO DE ASUNTOS XURÍDICOS	5
XURADO PROVINCIAL DE EXPROPIACIÓN	10
PROTECCIÓN CIVIL	10
UNIDADE DE COORDINACIÓN CONTRA A VIOLENCIA SOBRE A MULLER / UNIDADE CONTRA A VIOLENCIA SOBRE A MULLER	11
SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL	12
AGRICULTURA E PESCA	13
FOMENTO	15
SERVIZO REXIONAL DO INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL (IXN)	16
INDUSTRIA E ENERXÍA	16
ALTA INSPECCIÓN DE EDUCACIÓN	17
TRABALLO E INMIGRACIÓN	18
OFICINA DE ESTRANXEIRÍA	19
DEREITOS DOS CIDADÁNS E USUARIOS	21
FORMAS DE PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NA MELLORA DOS SERVIZOS	23
QUEIXAS E SUXESTIÓNS	24
NORMATIVA BÁSICA REGULADORA DOS SERVIZOS	25
NIVEIS OU COMPROMISOS DE CALIDADE QUE SE OFRECEN	46
INDICADORES PARA A AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA CARTA DE SERVIZOS	47
MEDIDAS DE CORRECCIÓN EN CASO DE INCUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS	48
MEDIDAS QUE ASEGURAN A IGUALDADE DE XÉNERO, QUE FACILITAN O ACCESO AO SERVIZO E QUE MELLORAN AS CONDICIÓNS DA PRESTACIÓN	49
SISTEMAS DE XESTIÓN DE CALIDADE, MEDIO AMBIENTE E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	50
HORARIOS, DIRECCIÓNS TELEFÓNICAS, TELEMÁTICAS E POSTAIS	52
PLANO DE SITUACIÓN E FORMAS DE ACCESO E TRANSPORTE	58
UNIDADE RESPONSABLE DA CARTA DE SERVIZOS	62

PRESENTACIÓN

O servizo aos cidadáns é o obxectivo das Delegacións e Subdelegacións do Goberno nas distintas provincias que configuran a xeografía española, e mellorar permanentemente a calidade deste servizo é o empeño dos seus empregados e responsables.

As Cartas de Servizos intégranse no conxunto de accións evolutivas impulsadas desde o Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais dentro do seu plan para a mellora da calidade dos servizos administrativos, coa finalidade de construír unha nova Administración rexida polos principios funcionais de eficacia, eficiencia, transparencia e servizo efectivo aos cidadáns, que sitúe a estes no centro das decisións.

Neste sentido resalta o seu papel fundamental na difusión entre os cidadáns de cales son os compromisos de calidade das Unidades da Administración e de cales son os esforzos de mellora.

Desde esta premisa, os comentarios que nos fagan sobre os aspectos positivos ou negativos que perciban dos servizos prestados servirán de axuda para axustar as nosas prestacións ás súas demandas e expectativas sobre o servizo.

Agradecemos a súa atención e esperamos que este documento lle sexa de utilidade.

DATOS IDENTIFICATIVOS E FINS

A Delegación do Goberno en Galicia é unha unidade administrativa adscrita organicamente ao Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, da que depende a Subdelegación do Goberno na Coruña.

A principal competencia destas unidades administrativas é a de xestionar dentro do seu ámbito todas aquelas funcións que lles encomenda a Lei **40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (artigos 69 ao 79)**, coordinando, supervisando e impulsando iniciativas para a mellora dos servizos que prestan os demais organismos da Administración Xeral do Estado.

Estes órganos teñen tamén asignadas legalmente as funcións de comunicación, colaboración e cooperación coas entidades autonómicas locais e cos organismos locais da Administración Pública na Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxectivo fundamental da presente Carta é mostrar ao cidadán todos os servizos que a Delegación do Goberno en Galicia e a Subdelegación do Goberno na Coruña prestan, identificar as unidades competentes para iso, informar os usuarios dos seus dereitos e presentar os compromisos de calidade asumidos.

O presente documento constitúe a fonte sobre a cal se fundamentarán as posteriores presentacións para os cidadáns e empregados públicos da provincia, así mesmo mediante un tríptico coa información máis significativa e un catálogo de servizos que recollerá os contidos máis importantes desta Carta.

RELACIÓN DE SERVIZOS PRESTADOS

Desde a Delegación do Goberno en Galicia e a Subdelegación do Goberno na Coruña préstanse os seguintes servizos ao cidadán:

OFICINAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

1. Información presencial, telefónica, escrita e electrónica sobre:

- Administración Xeral do Estado: estrutura orgánica e funcións.
- Lexislación básica do Estado.
- Procedementos vixentes da Administración Xeral do Estado.
- Direccións e teléfonos de órganos das Administracións Públicas e das súas oficinas de información.
- Cartas de servizos publicadas pola Administración Xeral do Estado.
- Ofertas de emprego público da Administración Xeral do Estado e distribución de solicitudes.
- Información sobre axudas, subvencións, premios e bolsas das Administracións Públicas.
- Publicacións da Administración Xeral do Estado.
- Consulta do Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial das Comunidades Europeas.
- Procedementos que se tramitan na Delegación do Goberno en Galicia e na Subdelegación do Goberno na Coruña.
- Tramitación e entrega do Título de Tradutor/a-Intérprete Xurado/a.
- Colaboración co IMSERSO na tramitación de solicitudes ao Programa de Vacacións da Terceira Idade e Augas Termiais.
- Información de adquisición da nacionalidade española por residencia.

2. Rexistro de documentos:

- Solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos á Delegación do Goberno en Galicia e á Subdelegación do Goberno na Coruña.
- Solicitudes e escritos dirixidos a calquera órgano das Administracións Públicas e a súa remisión.
- Edictos e anuncios enviados polos diferentes órganos da Administración Xeral do Estado para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a súa remisión.
- Rexistros de certificados expedidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, clase 2 CA para persoas físicas.
- Rexistro de alta no sistema @CLAVE.
- Rexistro electrónico de apoderamentos.

3. Expedición dos seguintes documentos:

- Recibos relativos ás solicitudes e escritos presentados, así como a compulsa, no seu caso, dos documentos que se achegan a esas solicitudes.
- Copias seladas de documentos orixinais que se acompañan ás solicitudes e escritos.

SERVIZO DE ASUNTOS XURÍDICOS

A) DEREITOS CIDADÁNS E SEGURIDADE CIDADÁ

- Tramitación das comunicacións relacionadas co exercicio do dereito fundamental de reunión: concentracións e manifestacións.
- Tramitación de expedientes sancionadores nas seguintes materias:

1. Armas, explosivos, cartuchería e artigos pirotécnicos

- Infraccións en materia de fabricación, reparación, almacenamento, circulación, comercio, transporte, distribución, adquisición, certificación ou alleamento de armas regulamentarias, explosivos catalogados, cartuchería ou artigos pirotécnicos incumprindo a normativa de aplicación, carecendo da documentación ou autorización requiridas ou excedendo os límites autorizados.
- Infraccións por omisión, insuficiencia, ou falta de eficacia das medidas de seguridade ou precaucións que resulten obrigatorias respecto das armas, explosivos, cartuchería ou artigos pirotécnicos.

- Infraccións por portar, exhibir ou usar armas de modo negligente, temerario ou intimidatorio, ou fóra dos lugares habilitados para o seu uso e a exhibición de obxectos perigosos para a integridade física das persoas coa finalidade de causar intimidación.
- Infraccións pola omisión ou insuficiencia de medidas para garantir a conservación da documentación de armas e explosivos, así como a falta de denuncia da perda ou subtracción desta.
- Infraccións por portar, exhibir ou usar armas prohibidas.

2. Drogas

- Infracción por auxilio ou tenencia ilícita de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancia psicotrópicas en lugares, vías, establecementos ou transportes públicos, así como o abandono dos instrumentos ou outros efectos empregados para iso nos citados lugares.
- Infracción por execución de actos de plantación e cultivo ilícitos de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en lugares visibles ao público.
- Infracción polo traslado de persoas, con calquera tipo de vehículo, co obxecto de facilitar a estas o acceso a drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.
- Suspensión, por inicio de tratamento de deshabitación, de sancións impostas pola tenencia ilícita ou consumo público de drogas a menores de idade.
- Infracción por condutas de tolerancia do consumo ilegal ou o tráfico de substancias tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en locais ou establecementos públicos ou a falta de dilixencia en orde a impedilo por parte dos responsables destes.

3. Espectáculos deportivos

- Infraccións por incumprimento das normas que regulan os espectáculos deportivos, que impidan o seu normal desenvolvemento e produzan importantes prexuizos para os participantes ou para o público asistente.
- Infraccións polo incumprimento nos recintos deportivos das medidas de control sobre o acceso, permanencia e desaloxo, venda de bebidas e introdución e retirada de obxectos prohibidos e o quebrantamento doutras prohibicións establecidas na Lei 19/2007, do 11 de xullo, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 203/2010.

4. Seguridade cidadá

- Infraccións por causar desordes graves nas vías, espazos ou establecementos públicos, por perturbar a seguridade cidadá en actos públicos, espectáculos deportivos ou culturais, solemnidades e oficios relixiosos ou outras reunións ás que asistan numerosas persoas, por perturbar gravemente a seguridade cidadá en reunións ou manifestacións fronte ás sedes do Congreso, Senado ou asembleas lexislativas, así como a desobediencia e a negativa para identificarse a requirimento da autoridade ou dos seus axentes.

- Infraccións por carencia de rexistros esixidos en actividades con transcendencia para a seguridade cidadá como hospedaxe, comercio ou reparación de obxectos usados, aluguer ou despezamento de vehículos a motor, compravenda de xoias e metais preciosos, transporte de persoas, cerrallería de seguridade e venda de produtos químicos a particulares, así como irregularidades na súa declaración e a omisión das comunicacións obrigatorias.
- Infracción polo incumprimento da obrigaón de obter a documentación persoal ou a negativa para entregar esta, cando houber sido acordada a súa retirada ou retención, así como a negligencia na súa custodia e conservación.
- Sanciónanse igualmente condutas que representan un exercicio extralimitado do dereito de reunión e manifestación, así como o incumprimento das restricións de circulación con ocasión dun acto público, reunión ou manifestación.
- Infraccións que impiden ou obstaculizan o lexítimo exercicio das súas funcións ás autoridades e os seus axentes, así como os servizos de emerxencia.
- Faltas de respecto aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade, o uso non autorizado de imaxes ou datos persoais ou profesionais destes, que poida poñer en perigo a seguridade dos axentes ou en risco o éxito dunha operación, a proxección de feixes de luz sobre os axentes para impedir as súas funcións, o deslucimento de determinados bens na vía pública, deixar soltos animais perigosos ou a escalada de edificios ou monumentos, a ocupación de calquera inmovible, vivenda ou edificio alleos, ou a permanencia neles, contra a vontade do seu propietario, arrendatario ou titular doutro dereito sobre este, cando non sexa constitutivo de infracción penal.
- Sanciónanse tamén comportamentos atentatorios á liberdade sexual das persoas, especialmente dos menores e a intrusión en infraestruturas nas que se presten servizos básicos para a comunidade cando se produza unha interferencia grave.
- Infraccións polo uso público e indebido de uniforme, insignias ou condecoracións que poidan xerar engano así como a falta de colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade na investigación de delitos cando exista un deber de colaboración.
- Outras infraccións en materia de seguridade cidadá previstas na Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo.

5. Seguridade privada

- Infraccións á normativa da seguridade privada das empresas de seguridade, persoal de seguridade e usuarios dos servizos de seguridade.

6. Metais preciosos

- Infraccións á normativa que regula os obxectos fabricados con metais preciosos.

7. Outros

- Informes sobre conduta de penados.
- Nomeamento de Coordinadores de Seguridade en Espectáculos Deportivos.

B) AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

Tramitación de expedientes de:

1. Armas

- Revogación e denegación de licenzas de armas tipos “E” e “AE (As concesións destas licenzas están delegadas nos mandos da Garda Civil das distintas Comandancias).
- Informes de licenzas de armas tipo “ B” dirixidos á Dirección Xeral da Garda Civil.
- Autorización de actividades con armas de fogo que teñan lugar fóra dos campos, polígonos ou galerías de tiro debidamente autorizadas.
- Autorizacións para destinar un establecemento á venda de armas de fogo e/ou municións ao público (armerías), así como a modificación do número de armas e municións que poden ter depositadas.
- Autorización de entrada en funcionamento de fábricas de armas.

2. Seguridade privada

- Autorización para prestar servizo de seguridade mediante vixiantes de seguridade provistos de arma de fogo.
- Aprobación de armeiros nos lugares onde prestan servizo vixiantes de seguridade con arma.
- Autorización para a prestación de servizos de vixilancia en polígonos industriais e urbanizacións.
- Autorizacións Vixiantes de Seguridade en Espazos Públicos. • Autorizacións de videovixilancia.
- Requirimentos para a corrección de falsas alarmas.

3. Explosivos e Artigos Pirotécnicos

- Autorización de entrada en funcionamento de instalacións fábricas de explosivos.
- Autorización de establecemento, modificacións materiais e substanciais de depósitos comerciais e de consumo de explosivos ata 10.000 kg.

- Autorización de posta en funcionamento da instalación ou modificación substancial de depósitos comerciais e de consumo de explosivos.
- Autorización de depósitos especiais.
- Consumidores habituais e eventuais de explosivos de ámbito autonómico e/ou provincial.
- Inscripción de empresas no rexistro de voaduras especiais.
- Autorización de establecemento, modificacións materiais e substanciais de talleres de fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería e talleres de preparación e montaxe de espectáculos con artificios de pirotecnia.
- Autorización de posta en funcionamento da instalación ou modificación substancial en talleres de fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería e talleres de preparación e montaxe de espectáculos con artificios de pirotecnia.
- Autorización de establecemento, modificacións materiais e substanciais de depósitos de produtos terminados non integrados nun taller de artigos pirotécnicos e cartuchería.
- Autorización de posta en funcionamento de instalación ou modificación substancial de depósitos de produtos terminados non integrados nun taller de artigos pirotécnicos e cartuchería.
- Conformidade de nomeamento de dirección técnica Talleres e Depósitos.
- Autorización de Depósitos especiais: Almacéns produtos pirotécnicos ata 15 kg.
- Autorización de instalación e posta en funcionamento de establecementos permanentes de venda de artigos pirotécnicos.
- Autorización de espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos superior a 100 kg.
- Denegación de espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos superior a 10 kg e inferior ou igual a 100kg.
- Autorización de artigos pirotécnicos en manifestacións festivas relixiosas, culturais e tradicionais.

4. Outros

- Xestión do cobro de taxas 053 -prestación de servizos e actividades en materia de seguridade privada- e 056 -recoñecementos, autorizacións e concursos-.
- Autorizacións de videovixilancia.
- Auxilios da forza pública.
- Precintos de vehículos.

XURADO PROVINCIAL DE EXPROPIACIÓN

Este órgano colexiado de natureza administrativa cumpre unha función de ámbito imparcial para a determinación do xusto prezo dos bens que son obxecto de expropiación forzosa, por utilidade pública ou interese social, por parte das distintas Administracións públicas, nos que non se logrou un acordo entre as partes na indemnización.

As funcións xerais son:

- Tramitación e resolución dos expedientes de prezo xusto remitidos pola Administración Xeral do Estado e dos seus organismos dependentes.
- Tramitación e resolución dos recursos de reposición interpostos contra as devanditas resolucións.
- Preparación indexada da documentación que integra o expediente de prezo xusto e remisión desta ao Tribunal Superior de Xustiza ante a interposición de recursos contencioso-administrativos contra as resolucións do Xurado, así como a ulterior execución dos seus acordos.
- Instrución e remisión, a instancia de parte, dos expedientes de xuros de mora imputables ao Xurado pola resolución dun expediente de prezo xusto superando o prazo legal establecido, para o seu estudo e resolución na Subdirección Xeral de Administración Financeira.
- Información persoal, telefónica, escrita e electrónica aos afectados por expedientes de expropiación.
- Control de calidade sobre os expedientes remitidos polas administracións instrutoras.

PROTECCIÓN CIVIL

Esta Unidade ten como obxectivo dentro do seu ámbito competencial as seguintes actuacións do Sistema Nacional de Protección Civil: a anticipación, a prevención de riscos de protección civil, planificación, resposta inmediata ás emerxencias, a recuperación, e emerxencias de interese nacional:

- Elaboración, actualización e xestión de protocolos e plans de actuación de protección civil nos riscos de inundacións, nevadas, incendios forestais, sísmicos, químicos, accidentes aéreos, contaminación mariña, maremotos, accidentes de transportes de mercadorías perigosas por estrada, accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Información e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.

- Planificación e xestión de emerxencias estatais.
- Colaboración coas entidades locais e autonómicas na xestión de emerxencias territoriais.
- Información sobre subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica.
- Tramitación e xestión das solicitudes sobre subvencións.
- Entrega das credenciais aos colaboradores da Rede Radio de Emerxencia da Dirección Xeral de Protección Civil do Ministerio do Interior.
- Estruturación e xestión territorial da Rede de Radio Emerxencia (REMER).
- Seguimento e medición da Radioactividade Ambiental.
- Participación institucional nos órganos colexiados competentes en materia de Protección Civil.
- Desenvolvemento de accións formativas e divulgación en canto á xestión dos riscos enumerados.

UNIDADE DE COORDINACIÓN CONTRA A VIOLENCIA SOBRE A MULLER / UNIDADE CONTRA A VIOLENCIA SOBRE A MULLER

Esta Unidade non ten servizo de atención directa ás mulleres vítimas, senón que se encarga de informar sobre os servizos existentes na Comunidade Autónoma e realiza xestións para que estas mulleres sexan atendidas debidamente nos Servizos establecidos.

A Delegación do Goberno en Galicia conta cunha Unidade de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller que dirixe e coordina a actuación das Unidades de Violencia sobre a Muller das Subdelegacións do Goberno da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, sendo as súas principais funcións:

- Coordinación de información e recursos destinados á protección das mulleres en situación de risco e da posibilidade de seguimentos individualizados.
- Apoio á protección integral das vítimas de violencia de xénero, identificando os recursos que funcionan na Comunidade Autónoma destinados á referida protección e os perfís de maior vulnerabilidade.
- Seguimento das situacións de violencia de xénero, especialmente as cualificadas de maior risco, os perfís de maior vulnerabilidade, os que se teña constancia dunha continuación da convivencia ou se deixe sen efecto unha medida cautelar e, os que sexan comunicados pola Delegación de Goberno para a Violencia de Xénero.

- Funcións no ámbito doutras formas de violencia contra as mulleres (mutilación xenital feminina, matrimonios forzados, trata de mulleres con fins de explotación sexual, etc.).
- Informes periódicos de seguimento da violencia de xénero e a resposta institucional.
- Coordinación interinstitucional.
- Seguimento dos recursos e servizos da Administración Xeral do Estado para a atención das situacións de trata de mulleres con fins de explotación sexual.
- Participación e organización de campañas de sensibilización e cursos de formación.
- Promoción e colaboración na formación e especialización de profesionais.
- Actuacións en relación coas vítimas mortais por violencia de xénero (muller e/ou fillos e fillas) así como as feridas gravemente.

SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

Esta Área exerce as funcións de tramitación, elaboración de informes, actuacións técnicas e demais actividades propias dos servizos integrados e, de acordo co R.D. 1330/1997 do 1 de agosto, presta os seguintes servizos:

1. Actividades en materia de vixilancia e control dos posibles riscos para a saúde derivados do transporte internacional de viaxeiros e dos medios de transporte internacional:

- Consellos sanitarios aos viaxeiros internacionais e administración/recomendación de vacinas. Expedición do Certificado Internacional de Vacinación da OMS.
- Controis hixiénico-sanitarios: control e vixilancia de medios de transporte internacional nos portos da Coruña e Ferrol.
- Policía Sanitaria Mortuoria: control e vixilancia do traslado internacional de cadáveres e restos humanos. Expedición de autorizacións.
- Aplicación do Regulamento Sanitario Internacional.
- Xestión de taxas: vacinación e controis hixiénico-sanitarios aos medios de transporte internacionais.

2. Actividades en materia de vixilancia e control dos posibles riscos para a saúde derivados da importación, exportación ou tránsito de mercadorías:

- Control e vixilancia hixiénico-sanitaria de instalacións fronteirizas de control sanitario de mercadorías.
- Tramitación de autorizacións de instalacións fronteirizas de control sanitario: PIF, Recintos Aduaneiros Habilitados (RAH) e almacéns de inmovilización de mercadorías e almacéns de aprovisionamento marítimo.
- Inspección, control das condicións hixiénico-sanitarias e cumprimento dos requisitos establecidos nas normas técnico-sanitarias vixentes de produtos alimenticios e alimentarios en importación, exportación e tráfico internacional.
- Expedición de certificados e información sanitaria.
- Xestión de autorización de alta en aplicacións SISAEX IV e TRACEX aos operadores económicos.
- Inspección para a concesión de licenzas de funcionamento, modificación e/ou revalidación das devanditas licenzas, de industrias fabricantes ou importadoras de medicamentos, produtos sanitarios e biocidas.
- Control sanitario á importación de medicamentos, produtos sanitarios, cosméticos e biocidas.
- Control sanitario á exportación de produtos de consumo humano e de medicamentos.

3. Xestión de taxas: vacinación, controis hixiénico-sanitarios aos medios de transporte internacional e importación de produtos destinados a uso ou consumo humano.

4. Actividades de atención ao público, información e tramitación de solicitudes de participación nos programas de maiores do IMSERSO, formación sanitaria especializada e tramitación da documentación para o recoñecemento de títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea (Real decreto 459/2010) e de títulos de profesións sanitarias obtidos en estados membros da Unión Europea baseados no Real decreto 1837/2008, que realiza o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

AGRICULTURA E PESCA

Esta Área exerce no seu ámbito territorial as funcións de tramitación, elaboración de informes, actuacións técnicas e demais actividades propias dos servizos integrados e, de acordo co R.D. 1330/1997, do 1 de agosto, os seguintes servizos:

- Control e certificacións de exportacións e importacións de sanidade vexetal e sanidade animal.
- Control e verificación taxas 080 sobre controis veterinarios de produtos de orixe animal.
- Certificación da orixe das canles e carnes con destino á exportación.
- Control e seguimento do Programa de Axuda Alimentaria aos máis necesitados.
- Control e seguimento de campañas alimentarias.
- Seguimento de convenios de colaboración entre o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma.
- Control de cursos para persoas do medio rural subvencionados polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.
- Seguros agrarios.
- Inspección do traballo de campo da Enquisa de superficies e rendementos de cultivos.
- Inspeccións e participación en poxas e concursos gandeiros de razas puras de loura galega.
- Controis previos á autorización de establecementos de produtos zosanitarios.
- Control de probas de pesca efectuadas por buques de nova construción.
- Cambios de base entre portos da mesma ou distinta comunidade autónoma.
- Expedición de cartón profesional radiotelefonista naval e radiotelefonista naval restrinxido.
- Firma de compromisos de baixa de buques pesqueiros.
- Tramitación de expedientes sancionadores por infraccións de pesca marítima.
- Licenzas e permisos especiais de pesca.
- Autorizacións para pesca de especies protexidas e concursos ou competicións.
- Tramitación de solicitudes de alta no censo da frota pesqueira operativa por nova construción.
- Reactivación de buques en situación de baixa provisional.

FOMENTO

As funcións desenvolvidas por esta Área son:

1. Sector Ferroviario:

- Expedientes sancionadores por infraccións relativas á infraestrutura e ao dominio público ferroviario.
- Expedientes de paralización de obras ou instalacións ilegais en zonas de dominio público ou de protección da infraestrutura ferroviaria, e de suspensión de usos prohibidos, non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas autorizacións, así como a recuperación da legalidade viaria.

2. Sector de estradas:

- Información, participación e seguimento da subvención ao transporte regular de viaxeiros por estrada.
- Expedientes sancionadores por faltas leves en materia de protección do dominio público viario e das súas zonas de protección.
- Expedientes de paralización de obras ou instalacións ilegais en zonas de dominio público ou de protección da infraestrutura viaria e de suspensión de usos prohibidos, non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas autorizacións.

3. Outras funcións:

- Información, participación e seguimento do VI Acordo de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Ministerio de Cultura para a actuación conxunta no Patrimonio Histórico Español a través do 1,5 % cultural.
- Información sobre a cancelación da hipotecas por préstamos complementarios outorgados por organismos dependentes hoxe do Ministerio de Fomento e xestións complementarias destes.
- Control na tramitación de solicitudes de autorización de voos publicitarios con aeróstatos, traballos aéreos de escritura con fume, instalacións de globos publicitarios, exhibición de ultralixeiros e calquera outro tipo de actividade que poida afectar á navegación aérea.

SERVIZO REXIONAL DO INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL (IXN)

As Unidades que o IXN ten establecidas nas diferentes Comunidades Autónomas están adscritas ás respectivas Delegacións e Subdelegacións do Goberno, o que permite dispoñer dunha acción máis directa na xestión de infraestruturas científicas e técnicas e chegar ao cidadán os produtos e servizos tanto do IXN como do Centro Nacional de Información Xeográfica:

- Información xeográfica básica a institucións públicas ou privadas.
- Asistencia técnica en materia de información xeográfica relativa a Cartografía, Xeodesia, Xeofísica ou Astronomía.
- Coordinación e desenvolvemento de actividades de difusión da cartografía (colexios, feiras do libro....).
- Participación en comisións de seguimento de convenios IXN-Comunidade Autónoma.
- Delimitacións territoriais e reformulación de liñas límite. Coordinación coa Comunidade Autónoma na actualización da base de datos.
- Actualización da cartografía de series nacionais, cartografía derivada, cartografía temática e bases de información xeográfica.
- Control e mantemento da rede sísmica e das redes xeodésicas e de nivelación.
- Comercialización dos produtos do Instituto Xeográfico Nacional e do Centro Nacional de Información Xeográfica na “Casa do Mapa”.

INDUSTRIA E ENERXÍA

As funcións desenvolvidas por esta Área son:

- Información, tramitación de expedientes de autorización, declaración de utilidade pública, avaliación de impacto ambiental e aprobación de proxectos de instalacións de transporte e xeración de enerxía eléctrica así como de gasodutos da rede básica de gas natural. Autorización de posta en servizo e inspección das instalacións.
- Tramitación de expedientes de expropiación forzosa pola construción de instalacións de transporte e xeración de enerxía eléctrica e de gasodutos da rede básica de gas natural.
- Información nos procedementos de autorización de consumidores de explosivos.

- Autorización da subministración de explosivos a empresas consumidoras.
- Expedición de carnés que habilitan o persoal que intervén na manipulación, manexo e uso de explosivos.
- Información nos procedementos de autorización e posta en marcha de fábricas de explosivos, depósitos de explosivos e polvoreiras auxiliares.
- Tramitación de expedientes, elaboración de informes, e inspección de establecementos de venda e talleres de produtos pirotécnicos.
- Información nos procedementos de autorización de espectáculos pirotécnicos.
- Expedición de carnés de experto pirotécnico e de aprendiz pirotécnico.
- Instrución dos procedementos sancionadores leves nas materias previstas no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e no Regulamento de Explosivos.
- Información nos procedementos de autorización de fábricas de armas, armerías, campos, galerías e polígonos de tiro e inspección das súas instalacións.
- Seguimento e control dos programas e convocatorias sobre seguridade mineira.

ALTA INSPECCIÓN DE EDUCACIÓN

Esta Unidade ten dúas funcións diferenciadas, unha de seguimento e análise do sistema educativo das Comunidades Autónomas, e outra, de xestión burocrática para o exercicio das competencias sobre homologación ou equivalencia de títulos e estudos estranxeiros que ao Estado compete:

- Información acerca da homologación/equivalencia de títulos académicos estranxeiros a efectos académicos.
- Tramitación de expedientes de homologación/equivalencia de estudos estranxeiros.
- Rexistro e entrega de títulos universitarios españois, previa indicación do interesado ao centro no que realizou os seus estudos.
- Xestión de títulos de especialidades sanitarias, previa petición do interesado.
- Entrega de credenciais de homologación e certificados de equivalencia de estudos estranxeiros.
- Tramitación dos recoñecementos/acreditacións profesionais no ámbito do Ministerio de Educación.

- Tramitación e resolución de solicitudes de equivalencias a efectos laborais de plans de estudos españois extinguidos aos actualmente vixentes.
- Colaboración e información na xestión de bolsas de educación, axudas, concursos e premios do Ministerio de Educación.
- Información dos plans de estudos nacionais, autonómicos e das convocatorias do Ministerio de Educación.
- Información de itinerarios educativos e formativos, así como das diferentes vías de acceso aos estudos regrados e non regrados.
- Recoñecemento de sinaturas en documentos académicos universitarios como trámite previo á súa legalización para que fornezan efecto noutros Estados.
- Coordinación do Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade dos centros educativos e a súa contorna, en coordinación coas Forzas de Seguridade do Estado.

TRABALLO E INMIGRACIÓN

Por Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, prodúcese a integración dos servizos das Direccións Provinciais do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais nas Delegacións do Goberno. Recentemente, o Real decreto 942/2010, do 23 de xullo de reestruturacións de diversas Áreas funcionais integradas nas Delegacións do Goberno derogou os artigos 2 e 3 desta norma e prevé que en cada Delegación do Goberno, constituirase unha Área de Traballo e Inmigración organizándose en dependencias provinciais integradas na correspondente Subdelegación do Goberno.

As súas principais funcións son:

1. Emigración

- Emisión de Certificados de Emigrantes Retornados.
- Información e xestión de axudas a emigrantes retornados.
- Tramitación das prestacións económicas da Lei 3/2005 para “Nenos da guerra”.
- Información e recepción de solicitudes de Pensións Asistenciais de Ancianidade a favor dos españois retornados (Real decreto 8/2008). Fe de Vida e Declaración Anual de Ingresos para renovación das devanditas prestacións.
- Tramitación de axudas dirixidas a atender situacións de extraordinaria necesidade de españois retornados (Real decreto 1493/2007).

- Información e recepción das solicitudes de Cartas de Apoio previstas na cláusula 2 n) do Acordo do Programa de Mobilidade de Mozos con Australia.
- Tramitación de solicitudes de dereitos da Previsión Profesional de Suíza e Liechtenstein.

2. Traballo

- Tramitación e proposta de recoñecemento ou denegación das reclamacións ao Estado polos salarios de tramitación e cotas á Seguridade Social en xuízos por despedimento.
- Legalización de libros societarios de cooperativas de traballo de ámbito nacional e de Mutuas colaboradoras coa seguridade Social con domicilio social nesta provincia.
- Tramitación da condecoración “Medalla ao Mérito no Traballo”.
- Colaboración na xestión do Patrimonio Sindical Acumulado.
- Autorizacións de residencia e traballo do continxente anual de traballadores estranxeiros.
- Tramitación de Expedientes de Regulación de Emprego nos casos en que esta función corresponde á Administración do Estado.
- Colaboración na xestión de axudas do Ministerio de Emprego e Seguridade Social a traballadores afectados por procesos de reconversión e/ou reestruturación de empresas.
- Información e atención ao público en diferentes canles de comunicación sobre as funcións anteriormente enumeradas.

OFICINA DE ESTRANXEIRÍA

1. Concesión ou denegación, en aplicación da normativa vixente de:

- Autorización e renovación de residencia temporal e traballo por conta propia e por conta allea.
- Autorización e renovación de residencia e traballo no marco de prestacións transnacionais de servizos.
- Autorización e renovación de residencia e traballo para investigación.
- Autorizacións para traballar e excepcións a estas..
- Autorización de residencia temporal non lucrativa e reagrupación familiar.

- Arraigamento e outras circunstancias excepcionais.
 - Autorización de residencia de longa duración na Unión Europea.
 - Cartón de residencia inicial e permanente de familiar de cidadán da Unión Europea.
 - Denegación, extinción e arquivo dos certificados de rexistro de cidadán da Unión Europea.
 - Autorización de estandía por estudos, mobilidade de alumnos, prácticas non laborais ou servizos de voluntariado e autorización de traballo a titulares desta autorización e prórroga destas.
 - Modificación das situacións dos estranxeiros en España.
 - Autorización de residencia de menores.
 - Cédulas de inscrición e títulos de viaxe.
 - Informes gubernativos (para visados de estudos, tratamento médico e vacacións de menores).
 - Informes gubernativos para adopcións internacionais.
 - Autorizacións de residencia e traballo da xestión colectiva de contratación en orixe de traballadores estranxeiros.
- 2. Información e atención ao público sobre os trámites anteriormente enumerados.**
 - 3. Información sobre trámites de protección internacional e celebración das entrevistas nas que se formula a solicitude.**
 - 4. Resolucións de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións, leves, graves e moi graves da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.**
 - 5. Resolución dos procedementos administrativos sancionadores derivados de Actas de infracción nos casos de contratación de traballadores estranxeiros sen a correspondente autorización administrativa.**
 - 6. Tramitación de recursos e revogacións en materia de estranxeiría.**

DEREITOS DOS CIDADÁNS E USUARIOS

- 1) Os dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas están recoñecidos no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Son os seguintes:
 - a) A comunicarse coas Administracións Públicas a través dun Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración.
 - b) A seren asistidos e asistidas no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
 - c) cA utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo co establecido nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.
 - d) Ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.
 - e) eA seren tratados/as con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que haberán de facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións.
 - f) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.
 - g) Á obtención e utilización dos medios de identificación e sinatura electrónica contemplados nesta lei.
 - h) Á protección de datos de carácter persoal, e en particular á seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das Administracións Públicas.
 - i) Calquera outros que lles recoñezan a Constitución e as leis.
- 2) Así mesmo, o artigo 53 da referida Lei 39/2015, do 1 de outubro, recoñece os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Sendo os seguintes:
 - a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que corresponda, no caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, no seu caso, e resolución; e os actos de trámite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Quen se relacione coas Administracións Públicas a través de medios electrónicos, terán dereito a consultar a información á que se refire o parágrafo anterior, no Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración que funcionará como un portal de acceso.

Entenderase cumprida a obrigaón da Administración de facilitar copias dos documentos contidos nos procedementos mediante a posta a disposición destas no Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración competente ou nas sedes electrónicas que correspondan.

- b) A identificar as autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
 - c) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario. No caso de que, excepcionalmente, deban presentar un documento orixinal, terán dereito a obter unha copia autenticada deste.
 - d) A non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa estean en poder das Administracións Públicas ou que fosen elaborados por estas.
 - e) A formular alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico, e a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.
 - f) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
 - g) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.
 - h) A cumprir as obrigaóns de pago a través dos medios electrónicos previstos no artigo 98.2.
 - i) Calquera outros que lles recoñezan a Constitución e as leis.
- 3) Ademais dos dereitos previstos no apartado anterior, no caso de procedementos administrativos de natureza sancionadora, os presuntos responsables terán os seguintes dereitos:
- a) A ser notificado dos feitos que se lle imputen, das infraccións que tales feitos poidan constituír e das sancións que, no seu caso, se lle puidesen impoñer, así como da identidade do instrutor, da autoridade competente para impoñer a sanción e da norma que atribúa tal competencia.
 - b) Á presunción de non existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

FORMAS DE PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS NA MELLORA DOS SERVIZOS

En xeral, para todos os servizos e competencias atribuídas ás Delegacións e ás Subdelegacións do Goberno, os cidadáns e usuarios poden participar e colaborar nas melloras da prestación dos servizos utilizando calquera dos seguintes medios ou canles:

- A expresar as súas opinións nas enquisas que periodicamente se realicen e cuxo fin é medir o grao de satisfacción dos cidadáns.
- A formular queixas e suxestións conforme ao disposto na presente carta e na lexislación vixente.
- Mediante escritos ou comunicacións electrónicas que dirixan á Unidade responsable desta Carta de Servizos.

QUEIXAS E SUXESTIÓNS

De acordo co establecido no capítulo IV do Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, os e as cidadás poderán formular queixas e suxestións relativas ás actuacións concretas das Unidades da Delegación do Goberno en Galicia e a Subdelegación do Goberno na Coruña ou o seu funcionamento xeral nos lugares e formas seguintes:

- As queixas poden formularse persoalmente cubrindo o correspondente formulario de Queixa-Suxestión dispoñible nas Oficinas de Información e Atención ao Cidadán.
- Por correo postal: Praza de Ourense 11, 15071 A Coruña
- Mediante correo electrónico a secretario.galicia@correo.gob.es, ou a través da seguinte sede electrónica: <https://sede.administracionespublicas.gob.es>

No prazo de vinte días hábiles, a unidade responsable da súa xestión informará á persoa interesada das actuacións realizadas.

Formuladas as queixas e suxestións dos modos anteriormente descritos, as persoas usuarias recibirán constancia da súa presentación a través do medio que indiquen.

As queixas formuladas de acordo co anteriormente exposto non terán, en ningún caso, a cualificación de recurso administrativo nin a súa presentación interromperá os prazos establecidos na normativa vixente nin condicionan de ningún xeito o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de acordo coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan exercer aqueles que se consideren interesados no procedemento.

NORMATIVA BÁSICA REGULADORA DOS SERVIZOS

Unha das principais características da Administración é o principio de legalidade que significa que a organización está sometida ás leis e normas que configuran o ordenamento xurídico. Aconséllase que se consulten os seguintes textos legais na súa versión consolidada onde están debidamente actualizados.

A continuación sinálanse as principais normas que inciden na organización e na prestación de servizos da Delegación do Goberno en Galicia e da Subdelegación do Goberno na Coruña:

Normas de aplicación xeral

- Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 208/1996, do 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán.
- Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración Xeral do Estado.
- Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.
- Real decreto 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a esixencia de achegar o certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e residencia, nos procedementos administrativos da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Normas organizativas

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real decreto 208/1996, do 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán.
- Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estruturas das Delegacións de Goberno, e Orde do Ministerio de Presidencia do 7 de novembro de 1997, polo que se desenvolve o anterior real decreto.
- Real decreto 2724/1998, do 18 de decembro, de integración dos servizos rexionais da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional nas Delegacións/Subdelegacións/ Dirección Insular do Goberno.
- Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, de integración das Direccións Provinciais de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais nas Delegacións do Goberno.
- Real decreto 942/2010, do 23 de xullo, de reestruturación de diversas Áreas Funcionais integradas nas Delegacións do Goberno.
- Real decreto 415/2016, do 3 de novembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.
- Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

Administración Electrónica

- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, modificada pola Lei 25/2015 do 28 de xuño.
- Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificados polos cidadáns.
- Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Orde HAP/1637/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Rexistro Electrónico de apoderamentos.
- Orde HFP/633/2017, do 28 de xuño, pola que se aproban os modelos de poderes inscribibles no Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado e no rexistro electrónico de apoderamentos das entidades locais e se establecen os sistemas de sinatura válidos para realizar os apoderamentos apud acta a través de medios electrónicos.

Dereitos Cidadáns e Autorizacións Administrativas

- Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión. (modificada pola L.O. 9/1999, do 21 de abril).
- Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.
- Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.
- Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas FCSE en lugares públicos.
- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Lei 17/1967, do 8 de abril, sobre actualización de normas urxentes en materia de estupefacientes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 10/1991, do 4 de abril, sobre potestades administrativas en materia de espectáculos taurinos.
- Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.
- Lei 4/2009, do 15 de xuño, de control de precursores de drogas.
- Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada.
- Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
- Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.
- Real decreto 731/1982, do 17 de marzo, sobre control dos establecementos dedicados ao desmantelamento e de vehículos a motor.
- Real decreto 1338/1984, do 4 de xullo, sobre medidas de seguridade en entidades e establecementos públicos e privados.
- Real decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- Real decreto 769/1993, do 21 de maio, polo que se aproba o regulamento para a prevención da violencia nos espectáculos deportivos.
- Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de armas.

- Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade privada.
- Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, que aproba o regulamento xeral de estradas.
- Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e dá nova redacción ao regulamento de espectáculos taurinos.
- Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de explosivos.
- Real decreto 1123/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica parcialmente o regulamento de seguridade privada.
- Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento do sector ferroviario.
- Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, polo que se modifica o regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/98.
- Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.
- Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e de outros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- Real decreto 748/2008, do 9 de maio, polo que se regula a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no Deporte.
- Real decreto 563/2010, do 7 de maio, modificado polo Real decreto 1335/2012, do 21 de setembro, que aproba o regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o regulamento de execución da Lei orgánica 4/2000.
- Real decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.
- Real decreto 130/2017, do 24 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de explosivos.
- Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 26 de marzo de 1986, que aproba as instrucións técnicas complementarias en materia de explosivos.
- Orde Ministerial do 20 de outubro de 1988 e 2 de marzo de 1989, sobre espectáculos pirotécnicos.

- Orde PRE/174/2007, do 31 de xaneiro, pola que se actualizan as instrucións técnicas complementarias núms. 8, 15, 19 e 23 do Regulamento de explosivos.
- Orde INT/314/2011, do 1 de febreiro de 2011 (Resolución 3168), sobre empresas de seguridade privada.

Xurado Provincial de Expropiación

- Lei, do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.
- Lei 10/1966, do 18 de marzo, de expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas.
- Lei de Minas 22/1973, do 21 de xullo.
- Lei 87/1978, do 28 de decembro de seguros agrarios combinados.
- Texto refundido da lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo (en diante TRLCI).
- Lei 8/2007, do 28 de maio, do solo.
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
- Texto refundido da lei do solo aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño.
- Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.
- Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión.
- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro polo que se aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.
- Decreto, do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento de expropiación forzosa.

Protección Civil

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto 1378/1985, do 1 de agosto, sobre medidas provisionais para a actuación en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Real decreto 387/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de accidentes nos transportes de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril.
- Real decreto 1123/2000, do 16 de xuño, polo que se regula a creación e implantación de unidades de apoio ante desastres.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión e a Orde INT/277/2008, do 31 de xaneiro, do seu desenvolvemento.
- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia.
- Real decreto 1564/2010, do 19 de novembro, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil ante risco radiolóxico.
- Real decreto 671/2013, do 6 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.
- Real decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais.
- Resolución do 31 de xaneiro de 1995, da Secretaría de Estado de Interior pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a directriz básica de protección civil ante o risco de inundacións.
- Resolución do 5 de maio de 1995, da Secretaría de Estado de Interior, pola que se dispón a publicación do acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a directriz básica de planificación de protección civil ante o risco sísmico.

Unidade de coordinación contra a violencia sobre a muller. Unidade contra a violencia sobre a muller

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (modificada pola Lei orgánica 8/2015 de modificación do sistema e protección a infancia e á adolescencia).

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración de impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito.
- Instrución conxunta dos Ministerios de Xustiza, Interior, Facenda e Administracións Públicas, Emprego e Seguridade Social, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, do 13 de xuño de 2013, sobre o funcionamento das Unidades de Coordinación e de Violencia sobre a Muller das Delegacións, Subdelegacións e Direccións Insulares, respectivamente.
- Real decreto 738/1997, do 23 de maio, polo que se aproba o regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.
- Real decreto 1455/2005, do 2 de decembro, polo que se modifica o regulamento de asistencia xurídica gratuíta, aprobado polo Real decreto 996/2003, 25 de xullo.
- Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no art. 27 da Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real decreto 253/2006, do 3 de marzo, polo que se establecen as funcións, o réxime de funcionamento e a composición do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, modifícase o Real decreto 1600/2004, do 2 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.
- Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego.
- Real decreto 1618/2007, do 7 de decembro, sobre organización e funcionamento do fondo de garantía do pago de alimentos.
- Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se regula o programa de inserción socio-laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.

Sanidade e Política Social

- Lei 14/86 xeral de sanidade.
- Lei 28/2009, do 30 de decembro, de modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, (modificada pola Lei 10/2013 do 24 de xullo) de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
- Lei 4/2009, do 15 de xuño, de control de precursores de drogas.
- Real decreto 2829/1977, do 6 de outubro, polo que se regulan as substancias e preparados medicinais psicotrópicos.
- Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e produción agroalimentaria.
- Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, polo que se modifica a regulamentación técnico sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas.
- Real decreto 1418/1986, do 13 de xuño, sobre funcións do Ministerio de Sanidade e Consumo en materia de sanidade exterior.
- Real decreto 162/1991, do 8 de febreiro, polo que se modifica a regulamentación técnico sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas.
- Real decreto 853/1993, do 4 de xullo, sobre o exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde.
- Real decreto 443/1994, do 11 de marzo, polo que se modifica a regulamentación técnico sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización dos praguicidas.
- Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico de medicina familiar e comunitaria e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema Nacional de Saúde.
- Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.
- Real decreto 1662/2000, do 29 de setembro, sobre produtos sanitarios para diagnóstico “in vitro”.
- Real decreto 437/2002, do 10 de maio, polo que se establecen os criterios para a concesión de licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida (Competencia da Comunidade Autónoma da Ríoxa).
- Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

- Real decreto 65/2006, do 30 de xaneiro, polo que se establecen requisitos para a importación e exportación de mostras biolóxicas.
- Real decreto 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a dazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación.
- Real decreto 1345/2007, do 11 de outubro, polo que se regula o procedemento de autorización, rexistro e condicións de dispensación dos medicamentos de uso humano fabricados industrialmente.
- Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico Español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.
- Real decreto 1591/2009, do 16 de outubro, polo que se regulan os produtos sanitarios.
- Real decreto 824/2010, do 25 de xuño, polo que se regulan os laboratorios farmacéuticos, os fabricantes de principios activos de uso farmacéutico e o comercio exterior de medicamentos e medicamentos en investigación.
- Real decreto 944/2010, do 23 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos para adaptalo ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.
- Real decreto 1275/2011, do 16 de setembro, polo que se crea a Axencia Estatal “Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios”.
- Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.
- Real decreto 728/2013, do 11 de outubro, sobre distribución de medicamentos de uso humano.
- Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
- Real decreto 459/2010, do 16 de abril, polo que se regulan as condicións para o recoñecemento de efectos profesionais a títulos estranxeiros de especialista en Ciencias da Saúde, obtidos en Estados non membros da Unión Europea. (BOE n.º 107 do 03/05/2010).
- Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, de 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado. Disposicións relativas ás profesións sanitarias (art. 73 e anexo X) (BOE n.º 280 do 20/11/2008).

- Real decreto 853/1993, do 4 de xuño, sobre o exercicio das funcións de médico de medicina xeral no Sistema Nacional de Saúde. (BOE n.º 156 do 01/07/1993).
- Resolución de 25 de marzo de 2014, da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 7 de marzo de 2014, polo que se establecen os portos e aeroportos españois designados como “puntos de entrada con capacidade de atención a emerxencias de saúde pública de importancia internacional”, segundo o establecido no Regulamento Sanitario Internacional (RSI-2005).
- Decreto 2484/1967, do 21 de setembro, polo que se aproba o Código Alimentario Español e as distintas RTS que o desenvolven.
- Decreto 2263/1974, 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de policía sanitaria mortuoria.
- Decreto 191/2011, do 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Orde do 20 de xaneiro de 1994 do Ministerio de Sanidade e Consumo, pola que se fixan modalidades de control sanitario a produtos de comercio exterior destinados a uso e consumo humano e os recintos aduaneiros habilitados para a súa realización.
- Orde/SCO/3566/2004, do 7 de outubro, pola que se establece o documento oficial de control sanitario de mercancías destinadas a uso e consumo humano.
- Orde SCO/393/2006, do 8 de febreiro, pola que se establece a organización e funcionamento do Banco Nacional de Liñas Celulares.
- Orde SAS/3166/2009, do 16 de novembro, pola que se substitúen os anexos do Real decreto 65/2006, do 30 de xaneiro, polo que se establecen requisitos para a importación e exportación de mostras biolóxicas.
- Orde SSI/2375/2014, do 11 de decembro pola que se modifica a Orde SPI/2136/2011, do 19 de xullo, pola que se fixan as modalidades de control sanitario en fronteira pola inspección farmacéutica e se regula o Sistema Informático de Inspección Farmacéutica de Sanidade Exterior.
- Regulamento 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.
- Regulamento 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.
- Regulamento 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais de orixe animal destinados ao consumo humano.
- Regulamento 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo á comercialización e uso dos biocidas.

- Regulamento Sanitario Internacional (RSI), do 23 de maio de 2005, constitúe a única lexislación internacional vinculante sobre saúde pública.
- Decisión 2001/812/CE pola que se fixan as condicións de autorización dos PIF encargados de controis veterinarios dos produtos introducidos na Comunidade procedentes de países terceiros.
- Decisión 2006/504/CE e a súa modificación Decisión 2007/563/CE, que establecen requisitos especiais para a importación de produtos alimenticios de terceiros países debido ao risco de contaminación por Aflatoxinas.
- Decisión 2007/275/CE, listaxe de animais e produtos que han de someterse a controis nos PIF conforme ás Directivas do Consello 91/496/CE e 97/98/CE.
- Convención única de 1961 sobre estupefacientes, emendada polo Protocolo de modificación de 1972 de Modificación da Convención Única sobre Estupefacientes.
- Convenio sobre substancias psicotrópicas de 1971 modificado pola Convención de 1988 sobre tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas.

Agricultura e Pesca

- Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados.
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.
- Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- Lei 24/2003, da viña e o viño.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do Medio Rural.
- Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2011, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.
- Real decreto 176/2003, do 14 de febreiro polo que se regula o exercicio das funcións de control e inspección das actividades de pesca marítima.
- Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara países terceiros e as súas modificacións posteriores.

- Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.
- Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios.
- Real decreto 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene nos pensos.
- Real decreto 1002/2012, do 29 de xullo, polo que se establecen medidas de aplicación da normativa comunitaria en materia de comercialización e utilización de pensos e se modifica o Real decreto 1409/2009, do 4 de setembro, polo que se regula a elaboración, comercialización, uso e control dos pensos medicamentosos.
- Real decreto 993/2014, do 28 de novembro, polo que se establece o procedemento e os requisitos da certificación veterinaria oficial para a exportación.
- Real decreto 182/2015, do 13 de marzo, polo que se aproba o regulamento de procedemento do réxime sancionador en materia de pesca marítima en augas exteriores.
- Regulamento (CE) nº 178/2002, do 28 de xaneiro de 2002 polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.
- Regulamento (CE) Nº 136/2004 da Comisión, do 22 de xaneiro de 2004, polo que se establecen os procedementos de control veterinario nos postos de inspección fronteirizos da comunidade dos produtos importados de terceiros países.
- Regulamento (CE) Nº 282/2004 da Comisión, do 18 de febreiro de 2004, relativo ao establecemento dun documento para a declaración e o control veterinario dos animais procedentes de terceiros países e introducidos na Comunidade.
- Regulamento 882/2004, do 29 de abril de 2004 sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.
- Regulamento 183/2005, do 12 de xaneiro de 2005 polo que se fixan requisitos en materia de hixiene dos pensos.
- Regulamento 767/2009, do 13 de xullo de 2009 sobre a comercialización e a utilización dos pensos, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 1831/2003 e se derrogan as Directivas 79/373/CEE do Consello, 80/511/CEE da Comisión, 82/471/CEE do Consello, 83/228/CEE do Consello, 93/74/CEE do Consello, 93/113/CE do Consello e 96/25/CE do Consello e a Decisión 2004/217/CE da Comisión.

- Regulamento 1069/2009, do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1774/2002 (Regulamento sobre subprodutos animais).
- Regulamento 142/2011, do 25 de febreiro de 2011 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e a Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude desta.
- Regulamento (UE) nº 576/2013, do 12 de xuño, relativo aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 998/2003.
- Regulamento de Execución (UE) nº 577/2013 da Comisión, do 18 de xuño de 2013, relativo aos modelos de documentos de identificación para os desprazamentos sen ánimo comercial de cans, gatos e furóns, a elaboración de listaxes de terceiros países e territorios e os requisitos lingüísticos, de formato e de configuración das declaracións polas que se certifique o cumprimento de determinadas condicións establecidas no Regulamento (UE) nº 576/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento (UE) Nº 223/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo de 2014, o Fondo de Axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas para o período 2014-2020.
- Regulamento (CE) 543/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2009, relativo ás estatísticas sobre produtos agrícolas
- Regulamento (UE) Nº 1337/2011 do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativo ás estatísticas europeas sobre cultivos permanentes.
- Orde ARM/787/2009, do 17 de marzo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a programas plurirrexionais de formación dirixidos aos profesionais do medio rural.
- Orde AAA/652/2015, do 8 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades de mulleres rurais de ámbito nacional para o desenvolvemento de actividades de colaboración e representación ante a Administración Xeral do Estado, así como para a realización de actividades de especial interese para impulsar o papel das mulleres no desenvolvemento rural.

Fomento

- Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres.

- Lei 12/1989 da función estatística pública.
- Lei 4/1990 de presupostos xerais do Estado.
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
- Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.
- Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de ordenación de transportes terrestres.
- Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións.
- Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estradas.
- Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre expedición de títulos licenzas aeronáuticas.
- Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento do sector ferroviario.
- Decreto do 13 de agosto de 1948, polo que se regula a propaganda realizada desde o aire.
- Decreto 4104/1964, do 24 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de arrendamentos urbanos.
- Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 29 de maio (BOE 31 de maio de 1989).
